



(F_TPS_05)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS E COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- PRINCIPIOS XERAIS	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS	3
ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA	3
ARTIGO -5- DEVINDICACIÓN	3
ARTIGO -6- NORMAS DE XESTION	4
DISPOSICION ADICIONAL	4
DISPOSICIÓN FINAL	4



ARTIGO -1- PRINCIPIOS XERAIS

De acordo co disposto nos artigos 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e 20a 27 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se establece a taxa para polas licenzas de actividades e instalacións e comunicación previa de inicio de actividade.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade municipal, técnica e administrativa, derivadas de:
 - a) A tramitación municipal dos procedementos de avaliación ambiental - incidencia ambiental
 - b) As solicitudes de licenzas de espectáculos e actividades recreativas, reguladas no artigo 41 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia
 - a. Apertura de establecementos permanentes de aforo superior a 500 persoas e celebración de espectáculos con aforo superior a 500 persoas
 - b. Circos e outros espectáculos extraordinarios fora das patronais e das tradicionais de barrios e parroquias e os organizados polas Asociacións sen ánimo de lucro
 - c) As comunicacións previas que se refire o artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia
 - d) A comunicación previa de cambio de titularidade das actividades e instalación
 - e) A obtención de licenza de actividade definitiva, regulada conforme ao Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (para los que están iniciadas a la fecha de aprobación desta ordenanza) Inclúese no feito imponible os traballos de comprobación e inspección derivados dos apartados anteriores.

ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ser titulares dunha autorización, avalacións, licenza ou comunicación o ben aqueles que non dispoñéndooas exerzan unha actividade ou organicen un espectáculo público.

ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA

a) Procedementos de avaliación ambiental- incidencia ambiental	271,54 €
b) Solicitudes de licenzas de espectáculos e actividades recreativas, reguladas no artigo 41 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia	
a. Apertura de establecementos permanentes de aforo superior a 500 persoas e celebración de espectáculos con aforo superior a 500 persoas	193,96 €
b. Circos e outros espectáculos extraordinarios fora das patronais e das tradicionais de barrios e parroquias e os organizados polas Asociacións sen ánimo de lucro	90,51 €
c) Comunicacións previas que se refire o artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia	193,96 €
d) Cambio de titularidade das actividades e instalación	77,58 €
e) Obtención de licenza de actividade definitiva, regulada conforme ao Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas	387,91 €

ARTIGO -5- DEVINDICACIÓN

A Taxa devindicarase cando se inicie a realización da actividade por parte da Administración, coa correspondente iniciación do expediente.

ARTIGO -6- NORMAS DE XESTION

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, no momento de presentación da solicitude a licenza ou presentación declaración responsable ou comunicación previa


DISPOSICION ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor a 1 de xaneiro de 2016 e seguirá vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación. Aprobada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca